

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 31/10/2022  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 31/10/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .  
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24 de outubro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2022/3671**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Natividad Abalo Moraña, como propietaria da empresa Ofimática Arosa SLU., situada enfrente á praza Xoan XXIII, no que indica que ao non ter unha zona habilitada para a carga e descarga das mercadorías que venden, que son voluminosas o que lles obriga a parar no carril de entrada ao parking.

Solicita se lles conceda a sinalización dunha zona de carga e descarga cercana ao establecemento para poder realizar a actividade comercial ou, de non poder ser así, se lles conceda o permiso de parar durante un tempo limitado para a carga e descarga.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non é posible conceder autorización por tempo limitado nun carril de circulación, existindo unha zona de reserva de carga e descarga nas inmediacións do local, na confluencia das rúas López Ballesteros/Pablo Iglesias/RAmón L. Piñeiro, ou ben a situada diante do local comercial EROSKI, na Praza Xoán XXIII.

**PRP2022/3782**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar os gastos realizados para a preparación da Semana da Mobilidade + Vai School, por un importe total de 735,94 € (IVE incluído), con cargo á partida 134.22799, coa seguinte desagregación:

- Maderas J. Redondo SL, por importe de 623,76 €
- Castroman SL, por importe de 3,00 €
- Sobrino G, SA, por importe de 27,47 €
- Decoplac Arosa SL, por importe de 81,71 €.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/3783**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o

orçamento presentado por Cesar Paz SL para a realización de obras de reparación de muro de contención en pista de acceso ao bombeo de Campanario-Bamio, por derrumbe do existente, por un importe total de 7.647,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/3785**

Dáse conta de proposta do Servizo de Alumado Público en relación coa reposición de farol do alumado público, debido a danos causados en sinistro, no que se indica que a Compañía Allianz abonou ao Concello a cantidade de 2.642,00 €, ascendendo o importe total de reposición dos danos a 3.196,82 €, quedando unha diferenza de 554,82 €, que debe ser asumida polo Concello por mor da depreciación do farol.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto de conformidade co orzamento presentado por Idelnor Proyectos Gestión de Servicios SL para a reposición do farol, polo importe total de 3.196,82 €, con cargo á partida 929.22699, coa seguinte desagregación:

- Importe aboado pola compañía aseguradora Allianz: 2.642,00 €
- Diferenza a aboar polo Concello: 554,82 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/3787**

Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto a favor de Empresa Pereira SL polo transporte dos participantes das xornadas programadas dentro do proxecto "O Mar que nos une", que tiveron lugar na cidade lusa de Matosinhos entre os días 26 e 27 de setembro de 2022, por un importe total de 1.230,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 912.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/3790**

Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Maria Carmen Miguens Navia (Floristería Colin) para o subministro de 12 coroas de flores para os Cemiterios do Concellos de Vilagarcía de Arousa, con motivo da celebración do Día de Difuntos, por un importe total de 1.188,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22699. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/3791**

Dáse conta de resolución da Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo Provincial de Pontevedra, de denegación da solicitude de autorización deste Concello para sinalización publicitaria nas zonas de protección da Estrada PO-548.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/3792**

Dáse conta da remisión a Augas de Galicia de documentación adicional solicitada en relación co informe de viabilidade da actuación "obras para ampliación de saneamento na Rúa Torre de Guillan".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **PRP2022/3716**

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de outubro de 2022, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 38.267,37 € con cargo á partida 323.48007.

## **EMPREGO**

### **PRP2022/3723**

O Concello de Vilagarcía ven desenvolvendo nos últimos anos accións de dinamización do comercio e a hostalaría local a través de diversos canles e iniciativas, especialmente durante as datas significativas, principalmente no tempo de Nadal.

A aposta polo comercio local e de proximidade require converter o comercio local, os establecementos hostaleiros e os espazos onde se sitúan, en polo atractivo para os potenciais clientes e ao mesmo tempo centro neuráxico e comercial da cidade. Doutra banda, é un reto para o Concello ofrecer unha imaxe moderna e atractiva.

O mercado de Nadal e unha iniciativa fundamental para potenciar as compras na cidade e animar e dinamizar as rúas de Vilagarcía no tempo de Nadal

Os gastos derivados do Mercado de Nadal, cuxa organización e realización na presente edición será asumida integramente polo departamento de Promoción Económica, serán obxecto de proposta separada.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e publicación das bases reguladoras do funcionamento e outorgamento de autorizacións para o exercicio da actividade de venda no mercado de Nadal de Vilagarcía 2022 ubicado na praza da II República.

Acórdase así mesmo aprobar a cota de participación de 6,25 €/día.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2022/3665**

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Musical Pontevedra SL para subministro dun clarinete baixo Privilege marca SELLLMER ata o Do grave, por un importe total de 10.400,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.62900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/3731**

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a organización dun curso de formación para o profesorado do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa a cargo de Dona M<sup>a</sup> Begoña Coello Mó con NIF 36024073R, sobre a impartición da materia troncal de Linguaxe Musical e que se desenvolverá ao longo do mes de novembro, por un importe total de 495,00 €, con cargo á partida 3261.22799, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **MERCADOS**

### **PRP2022/3793**

Visto o escrito de Dona Faustina Lafuente Vidal, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros de 2 m., o día 1 de novembro de 2022, nas inmediacións do cemiterio de Carril.

Visto o informe do Xefe de Mercados, acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

### **PRP2022/3794**

Visto o escrito de Dona María Angles Blanco García, solicitando autorización para instalar un posto de venda de rosquillas e churros, os días 30 e 31 de outubro e 1 de novembro de 2022, no exterior do cemiterio de Rubiáns.

Visto o informe do Xefe de Mercados, acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá estar en posesión da documentación da documentación pertinente para exercer dita actividade.
- Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2022/3751**

Na Xunta de Goberno Local de 24 de outubro de 2022 aprobouse o programa de actividades Samain 2022, estando incluído no mesmo o gasto para a realización dun obradoiro de pintacaras a cargo da Empresa Orbita Infantil SC, por un importe total de 231,00 € (IVE incluído).

Dado que se preve unha grande participación para esta actividade, e vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda ampliar o orzamento a favor da citada Empresa Orbita Infantil SC, en 200 €, dando un importe de adxudicación final de 431,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2022/3721**

Dáse conta da sinatura de convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Protectora de animais de Vilagarcía de Arousa para o uso da instalación denominada refuxio de animais domésticos en Pinar do rei (Canceira) e para a aplicación do protocolo CES nas colonias felinas existentes no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, con un período de vixencia de catro anos, segundo o cal se concede unha subvención anual de trinta mil euros (30.000,00 €), con cargo á partida 311.48404.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2022/3775**

Mediante Resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2022 foron transferidos os fondos asignados aos Concellos. A resolución de transferencias, publicada o 02 de agosto de 2022, recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 25.002,84€ €. O Concello, pola súa parte, tiña un remanente compensable no 2022 de 4,35 euros, polo que a cantidade a ingresar sería de 24998,49. Desta resolución e do remanente deuse conta á XGL de data 22 de agosto de 2022, onde se aprobou o ingreso de 24998,49 euros máis o remanente de 4,35 euros.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de xuño de 2023 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2023.

O 25N conmemorase o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, esta é unha data significativa a nivel mundial para reivindicar e reflexionar acerca das violencia que as mulleres están a sufrir polo feito de ser mulleres.

A Área de Igualdade vai desenvolver unha campaña de sensibilización contra a violencia de xénero entre a adolescencia.

Entre as accións que se van a desenvolver está a elaboración de soportes gráficos físicos que complementen a campaña por redes dirixida a previr as violencias machistas entre a adolescencia.

Entre estes soportes gráficos estarían a colocación de gráficas nun autobús de transporte escolar e urbano.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento e actos en conmemoración do 25N-Día Internacional da Violencia de Xénero, cun importe total de 2.147,75 €, con cargo á partida 2312.22610. coa seguinte desagregación:

- Empresa Pereira SL, aluguer mensual autobus para colocación publicidade, traseira e laterais: 163,35 €

- Baños Print SL, rotulación Bus 25N traseira e laterais: 1.173,40 €

- UQUI CEBRA SL: Adaptación e arte final da gráfica "Pon as lentes violetas" á traseira e laterais do autobús: 847,00 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **SPAD**

#### **PRP2022/3796**

Dáse conta do convenio de colaboración asinado entre os Concellos de Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa para actividades de prevención de condutas aditivas, polo que o Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias (SPAD) levará a cabo as actividades de

prevención de condutas aditivas.

Os concellos aportarán anualmente a esta programación as cantidades seguintes:

- Cambados: 7.150,00 €
- Meis: 2.800,00 €
- Ribadumia: 2.000,00 €
- Vilagarcía de Arousa: 7.800,00 €

As citadas cantidades ingresarán anualmente na Tesourería Municipal de Vilagarcía de Arousa con anterioridade ao 31 de decembro de cada exercizo. Este financiamento levarase a cabo así mesmo nos anos vindeiros e, en todo caso, ata xuño de 2025.

A Xunta de Goberno Local préstalle a súa aprobación e acorda dar conta ao Negociado de Rendas para que proceda a liquidar aos concellos as cantidades que lles corresponden conforme ao convenio asinado.

## **CULTURA**

### **PRP2022/3729**

Dáse conta alta e número de socio institucional do Museo do Pobo Galego, co nº 591, que foi comunicada a este Concello no mes de outubro, así como a carta de servizos como socios institucionais, estando o carné depositado no Departamento de Cultura.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2022/3730**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a representación do espectáculo OS BOLECHAS, no Auditorio Municipal o día 22 de decembro de 2022, ás 18:00 horas e cunha duración aproximada de 50 minutos realizado por Bolanda Edicións, por un importe total de 1.815,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609, dirixido ao público infantil e familiar, dentro das actividades do Nadal 22-23..

O prezo das entradas será o seguinte e realizarase a través da canle Ataquilla.com e de non esgotarse na billeteira do Auditorio o día da función, dende as 16:00 horas.

- Adultos 5 €
- Infantil 3 €
- Entrada bonificada: Desempregados/as (mostrar tarxeta de emprego), maiores de 65 anos (DNI) e titulares de carné xove: 3 €

### **PRP2022/3756**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Andavira Editora SL para a impresión e encadernación de 125 exemplares do libro "Plácido Castro. Nós mesmos no mundo", por un importe total de 1.500,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22001.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2022/3772**

Vista a solicitude de Dona Laura Navia García, en representación do Club San Martín, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Martiño o vindeiro día 11 de novembro de 2022 en Vilaxoán:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa por un importe de 391,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios

segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2022/3770**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a xestión, organización e execución do "XXIII Concurso de Debuxo Escolar" e "XXIV Concurso de Fotografía Micolóxica Enrique Valdés Bermejo" por importe de 1.600€ (IVE exento) á Entidade Agrupación Micolóxica de Vilagarcía "A Cantarela", con cargo á partida 334.22799, tendo en conta que será a cargo desta entidade, calquera tipo de taxa, imposto, sociedade xeral de autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro de espectáculos públicos y actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por dito evento.

#### **PRP2022/3771**

Vista a solicitude de Dona M<sup>a</sup> Carmen Somoza Núñez, en representación da AA.MM.RR. Os Borrizos de Cornazo e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do magosto o vindeiro día 13 de novembro de 2022:

- Actuación da Asociación Cultural Lumarada por un importe de 350,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2022/3773**

Vista a solicitude de D. Alfredo Lima Hernández, en representación de COLORÍN Y COLORADA, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 29 de novembro de 2022, en horario de 8:00 a 14:00 horas, para a representación teatral da obra "Amores peces el musical" para os Centros Educativos de Vilagarcía de Arousa, cun prezo de entrada único de 4€ por cada alumno/a, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 61,20 €
- TOTAL: 325,90 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

#### **PRP2022/3774**

Vista a solicitude de D. Alfredo Sánchez Avila, en representación de La Murga Teatro e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 3 de novembro de 2022, en horario de 8:00 a 14:00 horas, para a representación

teatral da obra "Caperucita roja, la versión más loca" para os Centros Educativos de educación infantil de Vilagarcía de Arousa, cun prezo de entrada único de 3 € por cada alumno/a, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 61,20 €
- Operario: 61,20 €
- TOTAL: 387,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2022/3441**

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de agosto de 2020 aprobouse o proxecto técnico denominado "Rede de Vías Ciclistas de Vilagarcía de Arousa-Fase II-A", redactado polo Estudo de Arquitectura MC, cun orzamento de 488.766,03 € (IVE incluído) Financiado con cargo ás partidas 134-6290017 e 1721-6290017, e incluído nas seguintes liñas de actuación da EDUSI Vilagarcía Avanza:

- (VLG\_A10\_MOVPECI) MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E CICLISTA.
- (VLG\_A03\_MOVSOS) POTENCIACIÓN E MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DE VILAGARCÍA.
- (VLG\_A07\_SOSAMB) AGR IMPULSO E MELLORA DA SUSTENTABILIDADE E As CONDICIÓN AMBIENTAIS DA ÁREA URBANA DE VILAGARCÍA

A Xunta de Goberno, en sesión de data 22 de marzo de 2021, acordou adxudicar o contrato de obra denominado "Rede de Vías Ciclistas de Vilagarcía de Arousa-Fase II-A" á empresa Movemento de Áridos e Construcións de Arousa, S.L, por un importe de 306.993,54 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 64.468,64 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 371.462,18€; asinándose o correspondente contrato administrativo o 15 de abril de 2021.

A firma da acta de comprobación de reformulo tivo lugar o 10 de maio de 2021.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de novembro de 2021 aprobouse o modificado nº 1 do proxecto "Rede de Vías Ciclistas de Vilagarcía de Arousa-Fase II-A"

Polo director de obra, D. Alexandre Mouriño Fernández solicítase autorización para a redacción de proxecto modificado nº2, con fundamento en circunstancias sobrevidas.

Consta informe da Secretaria Xeral no que se indica:

I.- O artigo 242.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) establece que:

"Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula esta Lei, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos



Consta no expediente informe do arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, de data 3 de outubro de 2022, no que se informa favorablemente a autorización para a redacción do citado proxecto modificado nº 2.

Visto o que antecede, procede a remisión da solicitude de autorización para a redacción do proxecto modificado nº 2 de Rede de Vías Ciclistas de Vilagarcía de Arousa-Fase II-A, á Xunta de Goberno Local para que decida o que proceda.

De ser autorizada, deberá redactarse polo director de obra o proxecto modificado, dándolle audiencia ao contratista por prazo mínimo de tres días.

Unha vez realizados devanditos trámites serán sometidos a consideración da Xunta de Goberno Local, acompañado do informe xurídico ao que fai referencia a disposición adicional terceira, punto 8, da LCSP.

Vistos os informes da Secretaria Xeral e do Arquitecto Municipal a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a redacción do proxecto modificado que supón un incremento porcentual do 3,38½ % (15.062,06 €), con cargo á partida 134.6290017.

Dar conta a Augas de Galicia.

#### **PRP2022/3684**

Vista a proposta do Concelleiro de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Eurotec Inspección SLU para asistencia técnica para o control de calidade da obra denominada "Mellora do firme en viais municipais nas Parroquias de Zamar, Cornazo e Guillán", por un importe total de 2.870,12 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/3686**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 26 de xullo de 2022 adxudicouse o contrato denominado "Mellora de accesibilidade, 2ª Fase 2020, nas Rúas Doutor Tourón, rúa Marxión e Urbanización O Piñeiriño", cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, á empresa Moncosa OHS, S.A.

O contrato administrativo foi asinado con data 22 de agosto de 2022, cun prazo de execución de 2 meses. Tendo en conta que a acta de comprobación de replanteo foi asinada o 30 de agosto de 2022, o prazo de execución finaliza o 31 de outubro de 2022.

Con data 19 de outubro de 2022 (registro web 2022007259), a través da sede electrónica do concello de Vilagarcía de Arousa, don Serafín Piñeiro Camiña, en representación de Moncosa OHS, S.A., presenta solicitude de ampliación do prazo de execución de 1 mes, ata o 1 de decembro, debido a circunstancias sobrevidas.

O investimento de referencia atópase financiado, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, rematando o prazo de execución dos investimentos o 31 de decembro de 2023, polo que, en principio, aos efectos de cumprimento do prazo establecido polo órgano concedente da subvención, non existiría inconvinte na ampliación solicitada.

Tendo en conta todo o exposto e os documentos obrantes no expediente e os informes favorables do director de obra e do director de execución material, de data 21 de novembro de 2022, así como da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a ampliación do prazo de execución da obra de "Mellora de accesibilidade, 2ª Fase 2020, nas Rúas Doutor Tourón, rúa Marxión e Urbanización O Piñeiriño", ata o 1 de decembro de 2022.

#### **PRP2022/3724**

Dáse conta do expediente de contratación CT 05/2022 tramitado mediante Procedemento Aberto e tramitación ordinaria para adxudicar o contrato denominado " Subministro de luminarias para mellora iluminación Campo de Fútbol A Lomba",cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, cun orzamento de licitación de 108.000,00 € (sen IVE) e de 130.680,00 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B95757597 CHZ SPAIN, S.L.  
 NIF: A46146387 COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.  
 NIF: B36548873 FORMATESA LALIN S.L.  
 NIF: b92921238 INSTALACIONES ESPECIALES MALAGUEÑAS S.L  
 NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.  
 NIF: B36417863 MONTAJES ELÉCTRICOS SALNES, S.L.U.  
 NIF: B70003199 Montaxes Electricas Noroeste SL  
 NIF: 44849273D RUBÉN JOSE NOYA MALLO  
 NIF: B27743657 SELNOR GALICIA, S.L.  
 NIF: A74257437 Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A.  
 NIF: B36572345 TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.  
 NIF: A15035413 TECNORED, S.A.

Vista a documentación presentada polos licitadores, o órgano de asistencia acorda admitir aos licitadores que a seguir se indican, ao presentar a documentación esixida nos pregos que rexen a licitación:

NIF: B95757597 LIGHTING SPAIN SL.  
 NIF: A46146387 COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.  
 NIF: B36548873 FORMATESA LALIN S.L.  
 NIF: b92921238 INSTALACIONES ESPECIALES MALAGUEÑAS S.L  
 NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.  
 NIF: B70003199 Montaxes Electricas Noroeste SL  
 NIF: B27743657 SELNOR GALICIA, S.L.  
 NIF: A74257437 Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A.  
 NIF: B36572345 TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.  
 NIF: A15035413 TECNORED, S.A.

Así mesmo acorda a exclusión dos licitadores que a seguir se indican, polos motivos que se indican:

NIF: B36417863 MONTAJES ELÉCTRICOS SALNES, S.L.U.

A Mesa de Contratación acorda a exclusión das licitador Montaxes Eléctricas do Salnes, S.L. ao non presentar a ficha técnica das luminarias ofertadas, marcado CE, estudo lumínico e aqueles documentos oficiais que acrediten o cumprimento de todos os parámetros que se establecen no prego de prescricións técnicas que rexen a licitación e que, no seu caso, non consten na ficha técnica das luminarias ofertadas, documentos esixidos nos pregos que rexen a licitación, o que imposibilita verificar que os produtos ofertados reúnen os requisitos técnicos esixidos nos pregos.

NIF: 44849273D RUBÉN JOSE NOYA MALLO

A Mesa de Contratación acorda a exclusión do licitador Rubén José Noya Mallo ao non presentar a ficha técnica das luminarias ofertadas, marcado CE, estudo lumínico e aqueles documentos oficiais que acrediten o cumprimento de todos os parámetros que se establecen no prego de prescricións técnicas que rexen a licitación e que, no seu caso, non consten na ficha técnica das luminarias ofertadas, documentos esixidos nos pregos que rexen a licitación, o que imposibilita verificar que os produtos ofertados reúnen os requisitos técnicos esixidos nos pregos.

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Mellora: Ampliación prazo garantía	Mellora: Redución prazo suministro	Mellora: instalación e posta en marcha dos elementos subministrados
CHZ LIGHTING SPAIN SL	66.280,00€	5 AÑOS	15 DÍAS	SÍ
TECNORED, S.A.	100.140,00	3 AÑOS	1 MES	SÍ
MONCOSA OHS, S.A.	107.500,00	3 AÑOS	1 MES	SÍ
COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.	95.000,00	NO	NO	NO
Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A.	105.290,25	3 AÑOS	1 MES	SÍ
SELNOR GALICIA	94.825,60	NO	NO	SÍ
FORMATESA LALÍN, S.L.	103.986,00	3 AÑOS	1 MES	SÍ
TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L	105.520,00	1 AÑO	NO	SÍ
MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE	83.300,00	3 años	1 MES	SÍ

SL				
Instalaciones Especiales Malagueñas, S.L.	86.657,62	3 años	1 MES	SÍ
Montajes Eléctricos del Salnés, S.L.U.	96.982,00	3 años	1 mes	No Proposto para a exclusión
RUBEN JOSÉ NOYA MALLO	82.500,00	No	1 MES	SÍ Proposto para a exclusión

As ofertas presentadas polos licitadores son remitidas ao Xefe de Alumado Público para a súa avaliación.

Dáse conta do informe técnico emitido polo enxeñeiro técnico industrial don Óscar Álvarez González e polo xefe do servizo de iluminación pública.

A Mesa de Contratación propón, de conformidade cos informes emitidos, a exclusión das seguintes empresas, polos motivos que a continuación se relatan:

- TECNORED, S.A.: por incumprimento das seguintes cláusulas técnicas establecidas no PPT: “Eficacia da luminaria 165 lm/W” (a oferta propón unha eficacia de 140-150) e “Rotación dos módulos de forma independente para facilitar os movementos de orientación nos tres eixos de coordenadas”.

- COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.: por incumprimento das seguintes cláusulas técnicas requiridas polo PPT: “Driver externo” (a oferta propón Driver interno), “Rotación dos módulos de forma independente para facilitar os movementos de orientación nos tres eixos de coordenadas” e “Cuberta de óptica de Policarbonato” (a oferta establece cuberta de cristal tépedo).

- MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE S.L.: por incumprimento das seguintes cláusulas técnicas requiridas polo PPT: “Rotación dos módulos de forma independente para facilitar os movementos de orientación nos tres eixos de coordenadas” e “Eficacia da luminaria 165 lm/W” (a oferta propón unha eficacia de 147,5).

- Servizos Integrais de Xestión e Mantemento S.A.: por incumprimento das seguintes cláusulas técnicas requiridas polo PPT: “Temperatura de cor: 5000 °K” (a oferta especifica 4000K) e “Grao de protección IK: IK09” (na oferta consta Grao de protección IK: IK08).

